

Directrices de ACOLLEMENTO DO ALUMNADO EASD Ramón Falcón

Índice

1	DIRECTRICES DE ACOLLEMENTO ANUAL.....	3
	1.1. Directrices xerais para as Xornadas de Acollemento.....	3
	1.2. Directrices específicas para o curso 2017-2018.....	3



1 DIRECTRICES DE ACOLLEMENTO ANUAL

1.1. Directrices xerais para as Xornadas de Acollemento

Ao inicio de cada curso, a dirección do centro organiza o acollemento do novo alumnado co obxecto de amosar o centro e o seu funcionamento.

Iste acollemento desenvólvese en dúas xornadas organizada do seguinte xeito:

A xornada de acollemento do alumnado das Ensinanzas Superiores terá lugar o mesmo día que a normativa sinale como inicio do curso escolar.

A xornada de acollemento do alumnado das Ensinanzas Profesionais terá lugar o día seguinte ao que a normativa sinale como inicio do curso escolar.

As actividades de acollemento darán comezo as 11:00 horas as dúas xornadas coa presentación das ensinanzas (superiores ou profesionais) por parte da Dirección ou persoa na que delegue, no salón de actos da Escola e cunha duración duns 30 minutos. Esta presentación inclúe a benvida ao centro e un resumo das cuestións xerais de funcionamento e convivencia.

De seguido e concluída a presentación, nas aulas designadas previamente pola Xefatura de Estudos, os titores e titoras de cada grupo, fan unha presentación das ensinanzas (superiores ou profesionais) que van a cursar os alumnos. Esta presentación inclúe a benvida as estudos e un resumo das cuestións específicas de funcionamento e académicas. Estas cuestións virán reflectidas en documentación específica previamente posta a disposición do alumnado (guía do alumnado descargable na web do centro) e dos titores de grupo (guía do titor impresa na conserxería do centro).

Os nomeamentos de titores e as aulas designadas para a súa presentación estarán previamente expostas no taboleiros do centro. A participación nas xornadas é obrigada para os titores de grupo e a imposibilidade desta por causas de forza maior comunicárase coa suficiente antelación para a designación dun substituto.

1.2. Directrices específicas para o curso 2017-2018.

Xornada de acollemento do alumando de Ensinanzas Superiores.

VENRES 15 DE SETEMBRO

11:00 horas BENVIDA DO EQUIPO DIRECTIVO. Lugar: Salón de Actos da Escola.

11:30 horas BENVIDA DOS TITORES/AS CO SEU GRUPO. Lugar: Aula designada pola Xefatura de Estudos.

Xornada de acollemento do alumando de Ensinanzas Profesionais.

LUNS 18 DE SETEMBRO

11:00 horas BENVIDA DO EQUIPO DIRECTIVO. Lugar: Salón de Actos

11:30 horas BENVIDA DOS TITORES/AS CO SEU GRUPO. Lugar: Aula designada pola Xefatura de Estudos